



*RESOLUCIÓN do 9 de xaneiro de 2018, da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se publica a lista coas embarcacións que se presentaron ao incremento do número de cotas de captura para embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico algas, modalidade de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Camelle aprobado para o ano 2017.*

- **Antecedentes.**

1. A Orde de 22 de decembro de 2016, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2017 (DOG núm. 249, do 30 de decembro de 2016), aproba o plan de xestión para o recurso específico algas, modalidade de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie da confraría de pescadores de Camelle, que inclúe a incorporación de dous (2) mergulladores que quedaron vacantes do plan de xestión do ano 2016.
2. O 29 de xuño de 2017, a confraría de pescadores de Camelle, solicita a apertura do prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas para o incremento de cotas de captura nas embarcacións xa incluídas no plan de xestión.
3. A resolución do 26 de setembro de 2017 da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña inicia o proceso selectivo para a elaboración da lista provisional das embarcacións incluídas no plan de xestión.
5. A resolución do 27 de novembro de 2017 da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña publica a lista provisional das embarcacións admitidas ao proceso selectivo e establece un prazo de 15 días hábiles para presentar alegacións ante o Xefe Territorial.

- **Consideracións legais.**

Non se presentaron alegacións á resolución do 27 de novembro de 2017 que resolve de xeito provisional a lista de embarcacións admitidas no proceso selectivo para a adxudicación de dúas (2) cota de captura para mergulladores nas embarcacións incluídas no plan de xestión de algas da confraría de pescadores de Camelle do ano 2017.

Esta xefatura territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Facer publica a lista definitiva da puntuación obtida polas embarcacións que participan no incremento de dúas (2) cota de captura de mergullador para embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico algas, da confraría de pescadores de Camelle.

Ase mesmo, procederase ao emprego da lista, comunicando ao titular do permiso de explotación da embarcación **Dos Cuñados (3ª CO-4-1377)**, Jose Juan Bermudez Tajés (DNI: 32.809.545 E), que para a asignación final das dúas (2) cotas, disporá dun prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. para presentar a seguinte documentación:

a ) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.

b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás as expedidas pola Consellería do mar.

A embarcación restante constituirá unha lista de reserva, que se publicara unha vez terminado o prazo de presentación de documentación da embarcación á que se oferta a praza convocada.

A lista permanecerá aberta permanentemente para que as persoas armadoras interesadas poidan solicitar a inscrición.

As persoas armadoras de embarcacións xa inscritas nas listas poderán actualizar os méritos, o que levará á correspondente modificación de puntuación, de ser o caso. A actualización dos méritos efectuarse anualmente pola xefatura territorial no primeiro cuadrimestre de cada ano. As solicitudes de actualización realizaranse no mes de xaneiro segundo o modelo que figura como anexo VI, achegando a esta a documentación que acredite os méritos establecidos no baremo.

As persoas armadoras que non acepten os incrementos ofertados durante dúas veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses. No caso de renunciar aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluído da lista por un período de dezoito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Camelle.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade





co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A Coruña, *9 de xaneiro de 2018*  
P.D. de sinatura. Resolución de 20/11/2015  
A Xefa de Servizo de Recursos Mariños

M<sup>a</sup> Jose Cancelo Baquero





**Camelle.** Lista definitiva da puntuación obtida polas embarcacións admitidas no proceso selectivo para obter dúas (2) cotas para mergulladores do recurso específico algas.

Embarcación	Matricula e Folio	Ter 1 cota de captura	Exp. profesional	Habitualidade da actividade pesqueira	Puntos
Dos Cuñados	CO-4-1377	5	0	0	5
Bajeriñas de Nylon	CO-4-4-05	0	0	0	0





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MAR

Xefatura Territorial da Coruña  
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)  
15006 A Coruña  
Tel.: 981 182 000 Fax: 981 182 228  
Código DIR3:A12017246

galicia

